



## Boletín Informativo

Consellería de Educación e  
Ordenación Universitaria

Edif. Adm. San Caetano s/n  
15781  
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

### DECRETO DE DIRECTORES/RAS DE CENTROS PÚBLICOS

Hoxe sae publicado no DOG o Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros públicos que imparten as ensinanzas regu-

ladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. A selección e nomeamento farase mediante concurso de méritos entre o profesorado que sexa funcionario de carreira e que imparta algunha

das ensinanzas encomendadas ao centro. O nomeamento será por un período de catro anos.

[Acceso ao DOG](#)

### ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DE BACHARELATO

O martes día 13 sairá publicada a orde do 1 de marzo de 2007 pola que se convocan 500 axudas de 1.100 €, dirixidas ao alumnado de 1º e 2º de bacharelato dos centros sostidos con fondos públicos, para realizar acti-

vidades de mellora da competencia lingüística no estranxeiro. Un dos requisitos para participar nesta convocatoria é contar con avaliación positiva na área de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.

As solicitudes e anexos cubriranse, on-line, na páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>

### ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESO

O martes día 13 sairá publicada a orde do 1 de marzo de 2007 pola que se convocan axudas, dirixidas ao alumnado de 2º, 3ª e 4ª da educación secundaria obrigatoria dos centros sostidos con fondos públicos, para

realizar actividades de inmersión lingüística no Reino Unido, Irlanda e Francia. Un dos requisitos para participar nesta convocatoria será contar con avaliación positiva na área de lingua estranxeira que se vai per-

feccionar na estadía. As solicitudes e anexos cubriranse, on-line, na páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>

### PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA PARA ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA

[Orde ECI/462/2007](#) (BOE nº 54). Convócanse, para participar nun programa de inmersión en lingua inglesa, 72 axudas para grupos de alumnos matriculados en centros públicos de distintas comunidades

autónomas. Na distribución territorial, a Galicia correspóndelle 15 grupos que estarán integrados por 25 alumnos de 6º curso de educación primaria e irán acompañados por un ou dous profesores. As acti-

vidades levaranse a cabo entre os meses de outubro e novembro de 2007. O prazo de presentación das solicitudes rematará o 13 de abril de 2007.

#### Contido:

Decreto de directores/as de centros públicos	1
Actividades de inmersión lingüística no estranxeiro para alumnado de bacharelato	1
Actividades de inmersión lingüística no estranxeiro para alumnado da ESO	1
Programa de inmersión lingüística para alumnado de 6º de primaria	1
Concurso de webquest sobre educación afectivo-sexual	2
Premios 2007, dirixidos a centros docentes	2
Axudas a estudantes universitarios	2
Xornadas de Educación Plástica e Visual	2
Proxectos de fomento do uso do galego	2

**CONCURSO DE WEBQUEST SOBRE EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL**

**Portal Galego de Contidos Educativos**  
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Sanidade convocan catro premios a webquest sobre educación afectivo-sexual dirixidas a alumnado de infantil, primaria e secundaria. Poderá participar todo o profesora-

do de centros educativos sostidos con fondos públicos. Establécense dúas categorías: unha para contidos dirixidos ao ensino infantil e primario e outra para os dirixidos ao ensino secundario. Os dous primeiros premios consisten nun

ordenador portátil, e os dous segundos nunha PDA. Os traballos deberán presentarse antes do 1 de maio de 2007.

[Acceso ás bases](#)

**PREMIOS 2007, DIRIXIDOS A CENTROS DOCENTES QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS CO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**

[Orde ECI/482/2007](#) (BOE nº 56, martes 6 de marzo). Convócanse premios estatais para centros docentes sostidos con fondos públicos que desenvolvan accións dirixidas ao alumnado

que presenta necesidades educativas especiais. Concederanse tres premios coa seguinte dotación: un primeiro de 36.500€, un segundo de 24.250€ e un terceiro de 15.200€. O prazo

de presentación será de corenta días naturais, contados a partir do seguinte á publicación no BOE.

**Plan Galego de Convivencia**  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>




**AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS**

[Orde do 22 de febreiro](#) de 2007 (DOG nº 46, do 22 de febreiro de 2007). Convocatoria de axudas ao alumnado matriculado nunha das tres universidades de

Galicia, para a realización de cursos de idiomas no estranxeiro e para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares. O prazo de presentación das

solicitudes será de trinta e un días contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

**Polo Monte. Plan piloto 2007**  
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



**XORNADAS DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

Os vindeiros 23 e 24 de marzo vanse celebrar, no Palacio de Exposicións e Congresos de Galicia en Santiago de Compostela, as Xornadas de Educación Plástica e Visual. Nelas está prevista a participación de distintos profesionais venclados ao mundo da arte, da docencia e das tecnoloxí-

as da información e da comunicación que tratarán de orientar os seus traballos cara a unha idea: "Arte e natureza". A inscrición pode realizarse en: <http://www.edu.xunta.es/fprof>, enviando un correo electrónico ao asesor de TIC [xcarg@edu.xunta.es](mailto:xcarg@edu.xunta.es) ou ben chamando ao número de

teléfono do Servizo de Formación do Profesorado 981-546506. A inscrición é limitada e remata o día 16 de marzo. [Acceso ao web.](#)



**Rede de Centros Bilingües**  
[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_linguas](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas)



**PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO**

Resolución do 1 de marzo de 2007 ([DOG nº 47](#)). Convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino público de Gali-

cia. O financiamento máximo que se outorgará para cada proxecto non superará os 2.500€. o prazo de presentación de solicitudes será de 20 días dende a publicación no DOG.

